A Historia da Literatura Galega 09

O século XIX. Prosa rosaliana

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria G. Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez, Nieves G. Centeno
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Museo de Pontevedra, Arquivo do Reino de Galicia, Real academia Galega, Biblioteca Universitaria USC (BUSC), Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes-Universidad de Alicante (Imagen digital del Retrato de Mariano José de Larra de la obra "Obras Completas". Editorial Montaner y Simón 1886. Barcelona. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, www.cervantesvirtual.com.

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1599-2010
ISBN: 978-84-96561-32-8

A Historia da Literatura Galega 09

O século XIX. Prosa rosaliana

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 I. O SÉCULO XIX
xx 1.1. Contexto histórico, político e social
A sociedade en Galicia durante o século XIX
xx 1.2. O contexto literario
xx 1.2.1. Literatura de circunstancias
xx 1.2.2. Os precursores
xx 1.2.3. Rexurdimento pleno

7 2. ROSALÍA DE CASTRO
xx 2.1. Vida e obra
xx 2.2 Obra narrativa



A guerra contra os franceses favoreceu a aparición dunha literatura propagandística. Gravado de Napoleón Bonaparte

O SÉCULO XIX 1

1.1. CONTEXTO HISTÓRICO, POLÍTICO E SOCIAL

1808-1814

• Invasión francesa e guerra contra os franceses.

Na primeira década do século XIX, a guerra contra os franceses favoreceu a aparición dunha literatura galega propagandística, que pretendía incorporar aos labradores á loita. Os textos estaban escritos en galego, xa que era a lingua que falaban os seus destinatarios, os labradores.



Portada facsímil dun himno patriótico pola volta do rei Fernando VII tralo fin da guerra cos franceses, en 1814

1814-1820

- Volta de Fernando VII.

- Primeiro período absolutista.

Neste período dáse paso a unha nova orde constitucional, explicitada na Constitución de 1812, que Fernando VII non recoñeceu e á súa volta reinstaurou o Antigo Réxime. Neste contexto a literatura galega sofre un estancamento.

1820-1823

• Trienio liberal.

En 1820 organízase unha revolta por toda España, polo que Fernando VII vese obrigado a xurar a Constitución e iníciase así o chamando «Trienio liberal» (1820-1823). Nesta época xurdirán de novo artigos de prensa e outros escritos en galego.

1823-1833

• Segundo período absolutista (Década ominosa).

A intervención militar estranxeira (os chamados «Cen mil fillos de San Luís"), solicitada polo rei, dá fin ao Trienio liberal. O segundo período absolutista, a «Década ominosa», leva unha política de represión que paraliza a incipiente literatura en galego.

1833-1868

• Isabel II.

• Mártires de Carral (1846).

Coa morte de Fernando VII comeza un novo período constitucional: o reinado de

A Revolución de Setembro de 1868 destrona a Isabel II. Caricatura da época da raíña marchando de España



Isabel II (1833-1868). Durante esta etapa os liberais soben ao poder, mentres que os absolutistas intentaban reinstaurar o Antigo Réxime por medio das guerras carlistas, onde o problema ideolóxico subxacía baixo a aparencia de guerras dinásticas.

As ideas dos progresistas tiveron un matiz galeguista cando participaron nun levantamento en Lugo en 1846

Entre os liberais había dous partidos que alternaban no goberno: os moderados e os progresistas. As ideas destes últimos adquiriron un matiz galeguista cando participaron nun Levantamento en Lugo no ano 1846, co fin de conseguir un poder autonómico para Galicia. A rebelión acabou nun fracaso e doce dos seus dirixentes foron fusilados en



Carral, por iso desde entón foron coñecidos co nome de «Mártires de Carral».

Esta primeira fase do nacemento da conciencia galeguista, que recibiu o nome de «Provincionalismo» centrouse, polo tanto, na actividade cultural como consecuencia da represión política. Nesta etapa do reinado de Isabel II, prodúcese o Renacemento pleno da literatura galega.

Os campesiños foron protagonistas dos movementos revolucionarios desta época

1868-1873

• Etapa revolucionaria.

A Revolución de Setembro de 1868, protagonizada polas clases medias, campesiños e artesáns, destrona a Isabel II e cede o poder aos progresistas.

1873-1874

• I República.

Coa chegada da I República alcanza o poder o grupo ideolóxico que se definiu como «federalista». O seu principal obxectivo era a redención dos foros.

O rei Afonso XII protagonizou a Restauración monárquica

1875-1923

• Restauración da monarquía borbónica.

A Restauración monárquica anula calquera posibilidade dun estado federal, polo que xorde un movemento ideolóxico coñecido co nome de «Rexionalismo», dividido en dous sectores: tradicionalistas e liberais-progresistas. **Alfredo Brañas** encabezaba ao sector máis tradicional e **Manuel Murguía** dirixía a outro sector máis liberal, receptivo ao Renacemento galego

Alfredo Brañas publicou *El Regionalismo* no ano 1889, unha obra que defendía a descentralización administrativa.

En 1916 créanse as chamadas *Irmandades da Fala*, cuxos líderes son: os irmáns **Vilar Ponte**, **Porteiro Garea**, **Xoán Vicente Viqueira**, **Pena Novo**, **Losada Diéguez**, **Vicente Risco** e **Ramón Cabanillas**. O seu xornal, *A Nosa Terra*, contribuíu a difundir as ideas do movemento. A liña política a seguir definiuse na I Asemblea celebrada en Lugo no ano 1918. Os coñecidos, ata ese

momento, como «rexionalistas» proclámanse nesta data «nacionalistas galegos», xa que o termo de «rexionalistas» non abarcaba toda a súa ideoloxía e pretensións para Galicia. Defendían que Galicia contaba con todas as características económicas, políticas, culturais... necesarias para que fose considerada unha nación.

Antón Vilar Ponte foi un dos fundadores das Irmandades da Fala en 1916

1.2. A SOCIEDADE EN GALICIA DURANTE O SÉCULO XIX

Durante o século XIX, a sociedade galega era basicamente rural e mantiña as características do Antigo Réxime absolutista. Os principais beneficiarios deste sistema social eran o clero e a fidalguía, que se limitaban a cobrar polas terras aforadas. Os campesiños pagaban as rendas dos foros e ademais, debían pagar con diñeiro unha serie de impostos tanto á Igrexa como ao goberno central.

O foro era un sistema económico e xurídico que obrigaba aos campesiños a pagar unha renda proporcional, segundo a produción, polas terras alugadas aos seus lexítimos propietarios (pertencentes na súa maioría á fidalguía e ao clero).

Esta forma de opresión vese potenciada pola obrigatoriedade do servizo militar para os pobres, mentres que os ricos podían contratar a un substituto ou pagar para non realizar devandito servizo.

Ante esta situación, a maioría dos campesiños marcha de Galicia e diríxese, principalmente, a países hispanoamericanos [Arxentina, Cuba, Uruguai...], ou tamén a algún país europeo, como Reino Unido, Francia ou Suíza.

A man de obra dos emigrantes era barata e, nalgúns casos, eran sometidos a condicións brutais.
Así nacen na Habana as asociacións galegas de emigrantes e tamén xornais como *El Eco de Galicia* (1º xornal galego en América).

Os pobres estaban obrigados a facer o servizo militar, mentras que os ricos podían contratar a un substituto ou pagar para non facelo

Entre as industrias galegas do século XIX hai que destacar as conserveiras e a Fábrica de Tabacos da Coruña, na foto, no 1910

A emigración víase como a principal vía de escape a esa situación de fame e opresión, que foi denunciada polos intelectuais da época nas súas obras.

O desenvolvemento industrial, levado a cabo noutras comunidades españolas como Cataluña ou o País Vasco -coa industria téxtil e siderurxia, respectivamente-, é case inexistente en Galicia. Entre as industrias galegas do século XIX, habería que destacar as empresas conserveiras e a Fábrica de Tabacos na Coruña.

O REXIONALISMO

➜ O rexionalismo supón unha fase intermedia no proceso evolutivo do galeguismo, xa que se sitúa a medio camiño entre o movemento galeguista anterior (o provincialismo) e o posterior (o nacionalismo).

En 1886, Manuel Murguía publica a súa obra Los Precursores e un artigo en La Región Gallega no que definía a Galicia como unha nación, unha das rexións que integraban o territorio do Estado español. De aí o nome de rexionalismo. Esta corrente defendía unha visión idealizada e utópica, coa finalidade de contestar aos tópicos irreais que sobre o país inventaran os casteláns en séculos anteriores. O rexionalismo galego parte da base da crise agropecuaria finisecular e dos problemas económicos que esta trouxo consigo. Isto, unido ás críticas ao centralismo e ao sistema caciquil, conlevou á aparición de tres correntes diferentes dentro do movemento rexionalista: a liberal, a tradicionalista e a federalista.

Manuel Murguía liderou a corrente liberal do Rexionalismo

A corrente liberal, progresista, foi liderada por Manuel Murguía. Eran contrarios á centralización político-económica e cultural, e defendían a existencia dun poder lexislativo propio para Galicia. Desta corrente nace igualmente a visión do país como «nación viva».

A corrente tradicionalista, conservadora, tiña maior número de simpatizantes e estaba enfrontada á liberal. Estaba liderada por Alfredo Brañas. Era contraria ao centralismo e ao capitalismo e o seu obxectivo era o reestablecemento da antiga orde política e social.

A corrente federalista estaba liderada por Aureliano Pereira e a maioría dos seus simpatizantes pertencían ao Partido Republicano Federal. Esta corrente defendeu o proxecto dun futuro estado político galego.

Calquera das tres correntes eran partidarias da autonomía política de Galicia, recuperar e preservar as súas particularidades.

Na nova clase social burguesa destacaron os comerciantes. Na foto, Estación do Norte da Coruña, 1910

A sociedade non tivo o apoio económico da nova clase social burguesa. A maioría eran comerciantes, pero investían o diñeiro en terras ou rendas de terras.

1.3. O CONTEXTO LITERARIO

O século XIX significou o Renacemento da literatura galega (Rexurdimento) logo dos chamados Séculos Escuros (s. XVI, XVII e XVIII) onde, practicamente, quedara relegada ao uso oral.

Seguindo a Xosé María Dobarro, distinguiremos tres etapas na literatura galega do século

XIX: Literatura de circunstancias (1808-1833), os Precursores (1833-1863) e a etapa do Renacemento pleno (1863-1917).

1.3.1. Literatura de circunstancias

A literatura do primeiro terzo do século XIX está baseada, fundamentalmente, en textos propagandísticos.

> A comezos do século XIX, difundíanse textos propagandísticos en folletos ou formando parte de xornais.

Por unha banda, citaremos os escritos sobre a guerra contraos franceses, por exemplo: Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo

A Guerra da Independencia orixinou moitos escritos propagandísticos que animaban aos mozos galegos a loitar contra os franceses

Moitos dos textos da época teñen á clase campesiña como protagonista na loita contra os poderes establecidos

alistamento, onde o autor defende ideas tradicionalistas; e Proezas de Galicia, que foi escrito por José Fernández Neira en 1810, coa pretensión de animar aos mozos galegos a loitar contra os franceses.

Por outra banda, estarían os diálogos propagandísticos, que constitúen outra forma de literatura ocasional satírica. A maioría deles difunden ideas liberais e son anónimos como, por exemplo: Tertulia de Picaños, Tertulia de la Quintana, etc.

Os Xogos florais

➜ Galicia afronta a súa entrada no século XX sumida na mesma crise política que o resto do estado español. A finais do XIX, e como consecuencia da inestabilidade e da pésima política do estado, renacen os sentimentos galeguistas que se amosan agora como rexionalismo de cara xa ao nacionalismo.

Os primeiros xogos florais da época moderna nacen en Cataluña no ano 1859 como imitación dos occitanos que se celebraban anualmente dende 1324, baseados en tres eixes: patria, fe e amor, e onde os poemas galardoados recibían tres premios ou flores: englantina para o mellor poema patriótico, viola para o relixioso e flor natural para o amoroso. A imitación deles celébranse en Galicia unha serie de xogos florais que foron os precursores dos de 1891, os únicos totalmente en galego.

Os primeiros xogos florais ofícianse na Coruña o 2 de xullo de 1861, aniversario da retirada dos ingleses, baixo o mecenado e



Portada de El Álbum de la Caridad, publicado por mor dos Xogos Florais celebrados na Coruña en xullo de 1861

organización de José Pascual López Cortón. Non se concedeu a flor natural, só un accésit outorgado a Francisco Añón que foi o único dos premiados que presentou a composición en galego.

Tras estes primeiros xogos celebráronse outros, como os xogos do 10 de agosto de 1861 en Pontevedra, onde é premiado Fernández Anciles polo seu poema «A noite

Retrato de Antonio María de la Iglesia, un dos "Precursores"e autor de El Album de la Caridad

de San Xoán». Os xogos de Santiago do 29 de xullo de 1875, onde interviñeron figuras tan destacadas das letras galegas como Murguía, Lamas Carvajal e Salvador Golpe. O certame galego literario-musical de Pontevedra de agosto de 1886, convocado pola revista El Galiciano -coa obriga de escribir en galego- é presidido por Murguía que fai unha apoloxía do galego (en castelán]. E por último os celebrados en Betanzos en agosto de 1886.

Todos estes certames abocaron a unha conciencia en defensa da identidade como pobo que culminaron coa celebración dos Xogos Florais celebrados en Tui en 1891 e que dalgún xeito foron os que forxaron o nacionalismo.

Nestes xogos florais de Tui, tras os discursos do presidente Murguía e do secretario Cabeza de León, o xurado emitiu o seu

veredicto no que premiaba aos escritores Eladio Rodríguez González, Martín Díaz Spuch, Juan Barcia Caballero, Urbano González Varela e Filomena Dato Muruáis, rematando o acto cun discurso de Alfredo Brañas que era o mantedor dos xogos. Como fin destes xogos florais celebrouse un gran banquete no teatro de Tui. Á hora dos discursos destacouse, polo anecdótico, que o primeiro en tomar a palabra fora un «andaluz entusiasta de Galicia» -segundo o xornal Patria Galega- de apelido Utrera; a continuación falou o representante da Gaceta de Galicia, o señor Lens, ata chegar a Manuel Murguía, que puxo o broche final aos xogos, sendo «aplaudido e ata aclamado».

Neste mesmo ano de 1891, e uns meses antes da celebración destes xogos, son exhumados os restos de Rosalía de Castro, que descansaban no cemiterio de Adina, en Iria Flavia, para ser trasladados ao panteón de galegos ilustres na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.✸

Pedro Boado Sánchez escribiu o *Diálogo entre dos labradores gallegos, afligidos, y un abogado instruido, despreocupado y compasivo*. Trátase dun texto bilingüe, onde un avogado explícalles aos labradores galegos, en lingua castelá, que a igrexa non ten dereito a percibir os chamados dereitos de estola e pé de altar [dereitos eclesiásticos que cobraban por oficiar un funeral, unha misa...].

Xunto a esta literatura de circunstancias, atópanse outros textos de maior valor literario, como os de Fandiño e Pastor Díaz, ademais dalgunhas panxoliñas de Nadal.

Nicomedes Pastor Díaz, natural de Viveiro, tamén escribiu un poema en galego

Antonio Benito Fandiño escribiu *A casamenteira* (1812), a única peza teatral en verso que se conserva deste período. A obra desenvólvese nun ambiente rural e trata o tema dos matrimonios de conveniencia.

Nicomedes Pastor Díaz, coñecido como poeta romántico castelán, escribiu un poema en galego -«Alborada»- onde introduce o motivo do alba e trata o tema do amor, todo iso enmarcado baixo a forma neoclásica de endecasílabos e heptasílabos.

1.3.2. Os precursores

Baixo a denominación de «Precursores» agrupouse a todos aqueles escritores, vinculados ao «Provincionalismo», que desenvolveron a súa actividade literaria entre 1833 e 1863. O seu texto máis representativo é o *Álbum de la caridad* (1862), composto por **Antonio Mª de la Iglesia** e publicado por mor dos I Xogos Florais celebrados na Coruña o 2 de Xullo de 1861. Trátase da antoloxía máis antiga do Renacemento das letras galegas. Contén poemas escritos en galego e en castelán. O número de poetas en galego ascende a corenta, entre os que cabe destacar a Rosalía de Castro e a Eduardo Pondal.

O *Álbum de la caridad* é unha obra de valor inapreciable para quen queira coñecer a poesía galega de principios do século XIX.

Á súa vez, un dos escritores máis salientables deste período foi **Xoán Manuel Pintos**. Deuse a coñecer como un precursor en defensa da lingua galega contra a asimilación do castelán. Loitou por este obxectivo desde a súa obra literaria e xornalística facendo un uso case exclusivo do galego, feito pouco habitual na súa época.

A gaita gallega, de Xoán Manuel Pintos, foi o primeiro libro da literatura contemporánea escrito en galego. Foto do gaiteiro de Guillarei

Foi autor de numerosos poemas publicados na prensa do país: «Os nenos», «O reiseñor», «O achadizo»... Algúns deles foron incluídos posteriormente na súa obra máis coñecida: A gaita gallega (1853). Foi o primeiro libro da literatura contemporánea escrito en galego (aínda que o castelán tamén aparece en boca do tamborilero para darlle verosimilitud, ao ser este de fóra de Galicia). Nesta obra, Pintos reivindica o uso da lingua galega, ademais de mostrar os graves problemas sociais de opresión que sufría Galicia nesa época:

¡Ouh Galicia, Galicia boi de palla
canta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muita forza te asoballa.

¡No lombo teu zorrega, bate e malla
fasta o máis monicreque ferrancheiro,
e calesquer podenco forasteiro
te bafa de vergonza sen migalla!

Outros Precursores tamén destacados foron, entre outros:

Francisco Añón

Francisco Añón (Boel-Muros, 1812 - Madrid, 1878). Participou activamente no movemento Provincionalista e por iso debe exiliarse a Portugal despois do Levantamento do 1846 e posterior represión.

A súa poesía caracterízase por un ton realista, xa que describe situacións sociais propias da Galicia da época. No ano 1857, o seu poema «O recordo» tiña xa como subtítulo «A Galicia», e será cunha poesía tamén titulada «A Galicia» coa que gañou os I Xogos Florais celebrados na Coruña.

Juana de Vega

Nos I Xogos Florais de Galicia –celebrados, ao parecer, por iniciativa de Benito Vicetto e da condesa de Espoz y Mina, dona Juana de Vega- premiouse a poesía de Francisco Añón, ademais de defender o uso literario do galego e a necesidade de recordar a historia do país a través de relevantes figuras como María Pita.

Francisco Añón sempre describía a Galicia como o paraíso perdido ao que desexaba volver:

En ningures se encontra no mundo
un anaco de terra máis lindo...
soutos, prados e flores sorrindo
nos riachos mirándose están.

Vicente Turnes (Santiago, 1786-1865). Compuxo panxoliñas e, principalmente, poesía de circunstancias. No seu poema «Diálogo entre Silvestre Cajaraville e Domingo Magariños», describe a situación dun campesiñado obrigado a emigrar por causa dos impostos, alcaldes e a obrigatoriedade do servizo militar:

MAGARIÑOS: Eses van fuxindo á quinta,
o fusil élles pesado,
e máis ben queren en Cais
servir de burros e machos;
outros a Montevideu
como negros van mercados,
e como bestas de carga
cargan as costas de fardos.

Coa poesía de circunstancias, moitos autores describen as consecuencias da emigración. Na foto, emigrantes no peirao da Coruña

Alberto Camino (Ferrol, 1820 - Madrid, 1861), un poeta ligado á expresión dos sentimentos máis íntimos, tema moi recorrente na lírica galega do século XIX. O seu poema máis coñecido, «O desconsolo» expresa a dor que sente un namorado pola perda da súa amada:

Desde que a negra morte aquela prenda
que tanto quixen me arrancou sin dor
solás non acho en nada, e solta a renda
á pena, choro o meu perdido amor.

Os poemas elexíacos, sobre todo nos que predomina a pena da nai pola morte do fillo, foron os máis recorrentes na lírica de Alberto Camino:

¡Que noite aquela en que eu a vin xemindo!
¡Que noite aquela en que eu a vin chorar!,
á triste nai dun picariño lindo,
que a horrible Parca veuno a gadañar.

Outros temas tratados na poesía de A. Camino, baixo ese ton elexíaco, foron a denuncia das duras condicións en que traballan os mariñeiros, ou a tristeza e morriña que sente un emigrado pola súa terra -claro precursor de Rosalía-, etc.

1.3.3. REXURDIMENTO PLENO

Esta última etapa da literatura galega do século XIX iníciase coa publicación da obra poética de Rosalía de Castro, Cantares Gallegos (1863) e remata en 1917, coa morte de Eduardo Pondal.

Eduardo Pondal na súa casa da Coruña en 1910

As tres grandes figuras desta etapa son **Rosalía**, **Curros** e **Pondal**, aos que hai que engadir aos seus sucesores, como **Lamas Carvajal**, **Leiras Pulpeiro**, **Lugrís Freire**, etc. Neste período tamén se inicia o cultivo da prosa de Marcial Valladares, López Ferreiro e Álvarez de Nóvoa, xunto ás pezas teatrais de Galo Salinas e Francisco M.ª de la Iglesia.

Rosalía de Castro. Monumento en Padrón

ROSALÍA DE CASTRO 2

2.1. Vida e obra

Rosalía de Castro ocupa un lugar clave no panorama literario galego. Todos os críticos coinciden en sinalar que é o primeiro clásico do século XIX. Coa súa obra *Cantares Gallegos* (1863), inicia o Renacemento pleno do galego literario; e con Follas Novas (1880), marca un fito na poesía galega, para moitos autores a obra poética máis importante do século XIX. Rosalía converteuse nunha figura mitificadora polo pobo galego, á vez que se incorpora co seu complexo universo poético, creado fundamentalmente en Follas Novas, á Literatura Universal.

A imaxe beatificada e manipulada de Rosalía resignada, nai e esposa tradicional -que nun principio moitos críticos amosaron- foi cedendo terreo á imaxe dunha muller de carácter forte, consciente das trabas que debía superar pola marxinación do pobo, ao que pertence e para o que escribe, e da propia marxinación como muller.

Rosalía de Castro naceu en Santiago en 1837

M.ª Rosalía Rita de Castro naceu en Santiago de Compostela o 24 de Febreiro de 1837. A súa nai, M.ª Teresa da Cruz de Castro e Abadía (1805-

1863), era solteira e pertencía a unha familia fidalga da antiga nobreza do Pazo de Arretén.

Rosalía fálanos do seu avó materno, D. José de Castro nun dos seus poemas: «Santo venerable cabaleiro». Non o chegou a coñecer, pero a súa fama de virtuoso levouna a escribir un libro de homenaxe: *Historia de mi abuelo*, un manuscrito desaparecido tras a súa morte.

Aínda que pasou os primeiros anos da súa nenez en Ortoño, Ames, coas tías paternas, estivo desde os catro anos coa súa nai en Padrón antes de trasladarense a Santiago. Na foto, a Alameda de Padrón

O seu pai, José Martínez Viojo (1798-1871) pertencía ao estado eclesiástico. Durante moito tempo, os biógrafos silenciaron o seu nome e non hai acordo sobre o seu estado de sacerdote ou seminarista no momento do nacemento da autora. Na súa partida de nacemento, Rosalía figura como filla de pais incógnitos e tamén que foi recollida pola súa madriña M.ª Francisca Martínez. Os seus primeiros anos pasounos coa súa familia paterna en Ortoño, ao coidado da súa tía Teresa, coa que foi vivir aos oito anos.

Esta situación, non só de filla ilexítima, senón tamén estes primeiros anos sen os seus pais, deu lugar a que moitos estudosos, seguindo unha liña psicoloxista, resalten a gran influencia que tivo na conformación da personalidade da autora e da súa obra.

Anos máis tarde, a nai de Rosalía faise cargo dela e as dúas trasládanse a Santiago. Descoñécese a data exacta do momento en que Rosalía foi vivir coa súa nai, aínda que poderiamos afirmar que no ano 1850, a autora xa se atopaba en Santiago. Unha das razóns é a coincidencia nos datos dos seus bió-

grafos cando reflicten os seus estudos de música e debuxo en Compostela durante eses anos, a súa presenza nas aulas da «Sociedade Económica de Amigos do País», nas festas do «Liceo da Mocidade»... Alí tomaría contacto coa mocidade intelectual de Compostela daquela época [Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Manuel Murguía...].

No ano 1856 vai vivir a Madrid á casa dunha curmá da súa nai. Ao ano seguinte publicará nesta cidade o seu primeiro libro de versos, La Flor, formado por seis poemas de corte romántico, influenciada por Aguirre e Espronceda.

Manuel Murguía, que colaboraba na prensa madrileña, escribe unha reseña crítica eloxiando o

Rosalía de Castro pasou a súa mocidade en Santiago onde xa tomou contacto cos intelectuais da época

Rosalía de Castro e Manuel Murguía tiveron varios fillos

talento da poetisa e animándoa a continuar escribindo. Este feito ponos en contacto e, no ano 1858, casan en Madrid, ano no que tamén publica un artigo en castelán, «Lieders».

Logo de casar, Rosalía regresa a Galicia, onde nace a súa primeira filla, Alexandra, en 1859. Dez anos máis tarde, nacería Aura, a súa segunda filla. En 1871 naceron en Lestrove, Gala e Ovidio, irmáns xemelgos; Amase, en Coruña en 1873; Adriano, en Santiago en 1875 -que morreu de accidente cando

tiña un ano-; e, para rematar, Valentina, que naceu morta en 1877. Debido á profesión de Murguía, sometido aos acontecementos políticos, viviron en distintos lugares de Galicia, Castela, Estremadura e Murcia. Estas constantes mudanzas prexudicaron a saúde de Rosalía, que foi débil fisicamente desde a súa mocidade, pero tamén lle permitiron comprobar a situación dos emigrantes galegos que denuncia na súa obra.

En 1861, Rosalía publica os seus primeiros versos en galego, Adeus ríos, adeus fontes, no xornal El Museo Universal. Neste mesmo ano participa, xunto a Murguía e outros poetas, no Álbum de la Caridad, ademais de publicar Flavio, unha novela escrita en castelán.

En Xuño de 1862, estando Rosalía en Santiago, falece a súa nai; un tráxico acontecemento que dará lugar a poemas que se agrupan baixo o título A mi madre (1863), nos que expresa unha profunda dor:

¡Ay, qué profunda tristeza!
¡Ay, qué terrible dolor!
Ella ha muerto y yo estoy viva.
Ella ha muerto y vivo yo.

Manuel Murguía foi nomeado Xefe do Arquivo Xeral de Galicia, na Coruña, de 1870 a 1875, e Rosalía volta a Galicia

En 1863 publica Cantares Gallegos, punto de partida do Renacemento pleno. A obra foi promocionada pola prensa progresista, tanto en Madrid como noutras provincias.

Pouco despois volve a Madrid e Rosalía alterna tempadas en Compostela, Padrón e Lestrove. No ano 1866 publica outra novela, Ruinas, e un cadro de costumes, *El Cadiceño*, que sostén a revitalización de Galicia como país, pasando polo aspecto lingüístico (Davies). Tamén escribe un artigo, «Las Literatas» ou «Carta a Eduarda», no que se observa a modernidade do pensamento de Rosalía respecto da situación da muller e a súa ironía sobre o matrimonio, aspecto salientado por sectores da crítica feminista, como K. March ou Carmen Blanco.

En 1867 publica unha novela na que se mesturan realismo e fantasía, *El Caballero de las Botas Azules*. Segundo Davies, nesta novela manifféstanse con claridade as súas ideas progresistas.

Cando no ano 1868 triunfa a Revolución, Murguía é nomeado «Xefe do Arquivo de

Simancas», onde se trasladan e é alí onde a autora concibe parte dos poemas de *Follas Novas*. Ao redor de 1871, Murguía é nomeado «Xefe do Arquivo Xeral» de Galicia, polo que Rosalía regresa definitivamente ao seu país natal, xa moi desmellorada de saúde.

En 1872 sae unha segunda edición de *Cantares Gallegos*, aumentada con tres poemas novos e anunciando na contracuberta que estaba aberta a subscrición a *Follas Novas*. A publicación desta obra atrásase ata 1880, ano de gran importancia no asentamento da literatura galega, pois tamén se publicaron *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez; *Saudades Galegas*, de Lamas Carvajal e *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares.

Portada de La Ilustración Gallega y Asturiana, unha das tantas revistas que dirixiu Manuel Murguía

En 1881 publica a novela *El primer loco* e varios cadros de costumes. Un deles, «Costumbres gallegas», que facía referencia a unha antiga práctica denominada «prostitución hospitalaria», espertou violentas críticas que afectaron á autora. Por conseguinte, Rosalía escribe unha carta dirixida a

O Arquivo Xeral de Simancas (AGS)

➜ Situado no castelo da localidade vallisoletana de Simancas, dende a súa fundación converteuse nun dos eixes centrais no que se refire á conservación e custodia de documentos. O rei Carlos I foi o fundador do primeiro arquivo centralizado da Coroa de Castela. Dende o primeiro momento se formulou que estivese emprazado nunha fortaleza por cuestión de seguridade dos documentos que ía producindo o aparato estatal.

Un dos principais fitos produciuse en 1588, cando Felipe II de España outorgou a Instrución para o Goberno do Arquivo de Simancas. O castelo está tan reformado que é case imposible saber como era en orixe; non era un lugar pensado para albergar un arquivo, e o feito de que compartise espazo cun cárcere incrementaba o risco de incendios. Ademais, ao seren unha fortaleza, o edificio foi obxectivo nos conflitos armados que causou estragos nos fondos. En 1785 todos os documentos de Indias



foron trasladados ao Arquivo Xeral de Indias en Sevilla.

Manuel Murguía é nomeado Xefe do Arquivo de Simancas en 1868

O século XIX estivo marcado polo impacto da Guerra de Independencia, entre 1808 e 1814. Unha parte dos documentos levouse a Francia, xa que Napoleón desexaba facer en París un grande arquivo europeo centralizado. Despois, Fernando VII organizou o envío de varias remesas de documentos. En 1858 creouse o Corpo Facultativo de Arquiveiros e Simancas orientouse cara á labores de catalogación e difusión. En 1877 prodúcese a musealización do arquivo, colocándose as primeiras vitrinas de exposición de documentos. Durante o século XX, tanto a Guerra Civil Española como o réxime franquista non foron todo o nocivos que cabía esperar para o arquivo. Na actualidade, o AGS é unha institución cultural dependente do Ministerio de Cultura.✸

Murguía e datada o 26 de xullo de 1881, en Lestrove, onde afirma que nunca máis escribirá en galego, queixándose do trato que se lles dá en Galicia aos escritores galegos. Estaba «herida» -como sinala Alonso Montero- «por la ingratitud y mediocridad de sus paisanos».

En 1884 publica *En las orillas del Sar*, resposta en boa medida á incomprensión de que fora vítima por parte dos seus contemporáneos galegos. É a última das coleccións de poesías de Rosalía, publicada un ano antes da súa morte. Davies considéraa como a súa obra máis «persoal». Rosalía medita sobre a existencia humana e a dor de vivir, busca un sentido á vida a través das súas propias experiencias. Así, ante o seu fillo morto, exclama:

En el cielo, en la tierra, en lo insondable
yo te hallaré y me hallarás.
No, no puede acabar lo que es eterno,
ni puede tener fin la inmensidad.

Trátase dunha poesía basicamente ética, cando se trata da humanidade; existencialista, cando a autora se enfronta á morte; e metafísica pola procura dunha verdade universal.

Nos últimos anos, a súa saúde precaria viuse empeorada causándolle graves padecimientos ensombrecidos polo cancro. Finalmente, un 15 de Xullo de 1885, logo de cumprir o seu desexo de ver o mar, morre en Padrón, na súa casa de «A Matanza». Foi enterrada no cemiterio de Adina e os seus restos foron trasladados á igrexa de Santo Domingo de Bonaval en 1891.

2.2. Obra narrativa

A prosa de Rosalía sempre quedou relegada a un segundo plano debido ao gran peso da súa poesía. Con todo, coa súa obra narrativa, relativamente copiosa en castelán e tres textos en lingua galega, deixou unha mostra literaria digna de admirar e complementaria para o estudo da súa evolución artística.



Os restos de Rosalía de Castro foron trasladados en 1891 á Igrexa de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago

Carta a Manuel Murguía

➜ No ano 1881, Rosalía de Castro lle escribe unha carta a Manuel Murguía na que lle afirma que nunca máis escribirá en galego e se queixa do trato que se lles dá en Galicia aos escritores galegos.

Lestrove, 26 de julio de 1881

Mi querido Manolo: Te he escrito ayer, pero vuelvo a hacerlo hoy deprisa para decirte únicamente que me extraña que insistas todavía en que escriba un nuevo tomo de versos en dialecto gallego. No siendo porque lo apurado de las circunstancias me obligan imperiosamente a ello, dado caso que el editor aceptase las condiciones que te dije, ni por tres, ni por seis, ni por nueve mil reales volveré a escribir nada en nuestro dialecto, ni acaso tampoco a ocuparme de nada que a nuestro país concierna. Con lo cual no perderá nada, pero yo perderé mucho menos todavía.

Se atreven a decir que es fuerza que me rehabilite ante Galicia. ¿Rehabilitarme de



Busto de Rosalía de Cstro en Rianxo (A Coruña)

qué? ¿De haber hecho todo lo que en mí cupo por su engrandecimiento?

El país sí que es el que tiene que rehabilitarse para con los escritores, a quienes, aun cuando no sea más que por la buena fe, y entusiasmo con que por él han trabajo, les deben una estimación y respeto que no saben darles y que guardan para lo que no quiero ahora mentar. ¿Qué algarada ha sido ésa que en contra mía han levantado, cuando es notorio el amor que a mi tierra profeso? Aun dado el caso (que niego) de que yo hubiese realmente pecado, por lo que toca al artículo en cuestión, ¿era aquello suficiente para arrojar

un sambenito sobre la reputación literaria grande o pequeña de cualquier escritor que hubiese dado siempre probadas muestras de amor patrio, como creo yo haberlas dado? No; esto puede decirse sencillamente mala fe, o falta absoluta no sólo de consideración y gratitud, sino también de criterio. Pues bien: el país que así trata a los suyos no merece que aquellos que tales ofensas reciben vuelvan a herir la susceptibilidad de sus compatriotas con sus escritos malos o buenos. Y en tanto, ya que tan dañada intención han encontrado en lo que narré, para dar a conocer (y no para alabarla ni censurarla) una costumbre antiquísima, y de la cual aún quedaba algún resto en nuestro país, pueden consolarse leyendo la estadística por lo que toca a cierta cuestión que han sacado a relucir ciertos periódicos escandalizados con mi artículo. Si así arremetiesen contra la estadística sería mejor, a ver si así lograban borrar lo que es peor mil veces que lo que en mí han censurado tan bravamente.

Portada de El Noroeste de la Coruña, un dos xornais aos que fai referencia Rosalía de Castro

Hazle, pues, presente al editor que, pese a la mala opinión de que al presente gozo, ha tenido a bien acordarse de mí, lo cual le agradezco, mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego, una vez que a él no le conviene aceptar las condiciones que le he propuesto. No quiero volver a escandalizar a mis paisanos.

Los niños quedan buenos y ennegreciéndose cada vez más al sol; bueno es que parece que han aplacado un poco sus ardores insoportables de esos días atrás.

Nada sé de lo que pasa por Santiago, ni un periódico logro ver de allá. Lo que sí recibo diariamente es El Noroeste de La Coruña, *que tienen la tentación de mandarme en lugar de* El Clamor Respecto de El Imparcial, *lo recibo un día sí y dos no. Variaciones de Correos.*

Me llaman a comer. Recibe cariños de todos y tú sabes te quiere tu mujer.✸

En prosa galega, Rosalía só escribiu os prólogos dos seus dous libros en verso galego (Cantares e Follas Novas) e Conto Gallego, que foi impreso anos logo da morte da autora (1923).

Os prólogos introducen directamente ao lector na motivación máis profunda da autora á hora de escribir os seus versos; basicamente desempeñan unha función aclaratoria.

Os prólogos están escritos desde a perspectiva dunha escritora galega comprometida co seu pobo, que coñece a opinión que se ten de Galicia no pobo español.

Neles identifícase incondicionalmente coa cultura e a forma de ser do pobo galego e rexeita a opinión negativa que se ten de Galicia. Intenta dignificar ao pobo galego, o que non deixa dúbida do transfondo biográfico e ideolóxico de toda a súa obra poética en galego. Por outra banda, xustifica a elección do tema e o uso do verso galego como vehículo de expresión.

No segundo prólogo, que introduce Follas Novas, «Dúas palabras da autora», salienta o inti-

mismo que revela a xénese do libro, pasando do problema xeral galego ao particular da muller galega e de aquí, á poética expresión da súa propia dor. O optimismo que latexaba en 1863 transformouse en pesimismo, sen dúbida polos acontecementos persoais e históricos vividos por Rosalía, que a levaron á renuncia da loita, aínda que non das súas ideas nin da súa preocupación -que lle provocan a angustia e desilusión-, que seguirán patentes na súa última obra poética, En las orillas del Sar.

Ademais destes dous prólogos, Rosalía escribiu unha obra en prosa narrativa, un Conto Gallego (1923), publicado por Manuel de Castro y López no seu Almanaque Gallego en Bos Aires, aínda que non tivo verdadeira difusión ata que Bouza Brey reeditouno nos Cuadernos de Estudios Gallegos, no ano 1946.

Casa da Matanza, en Padrón, onde faleceu Rosalía de Castro

Na súa obra narrativa Rosalía de Castro critica á institución matrimonial

Neste Conto Gallego, Rosalía presenta a concepción que popularmente teñen os homes das mulleres: «O bien es santa, madre y esposa, o bien, es el origen de todos los males». Francisco Rodríguez considera que é unha crítica contra a institución matrimonial, que subordina á muller e que se establece só en función do interese.

Desde o punto de vista estrutural, o conto rosaliano ten un clima claramente dramático, tanto pola acción e suspense progresivos, como pola técnica escénica, a base de continuos diálogos, só interrompidos polas lixeiras intervencións narrativas. Mariña Mayoral considéraa como un dos máis perfectos exemplos de narración obxectiva.

O feito de que termine aquí a obra narrativa escrita en galego por Rosalía débese aos condi-

cionantes históricos-sociais nos que se desenvolve. Neste momento, Rosalía non contaba cos suficientes precedentes, nin en prensa nin en obras literarias. C. Davies e Francisco Rodríguez xustifícano polo contexto no que se desenvolve, polas condicións de mercado editorial [editores, público lector, censura...]. Pensemos na recepción de Follas Novas e no que se esperou para a súa publicación, realizada finalmente en Madrid; e no feito de que Conto Gallego fose publicado postumamente.

Portada de la primeira edición de El Caballero de las Botas Azules, publicada en 1867

A súa prosa en castelán abarca tanto novelas como artigos, publicados ao longo de toda a súa traxectoria literaria: «Lieders» (1958), «Las literatas» (1966), «El Cadiceño» (1966); e os cadros de costumes publicados en 1881: «El Domingo de Ramos», «Padrón y las inundaciones» y «Costumbres gallegas».

Por outra banda, as novelas rosalianas -segundo Francisco Rodríguez-, complementan unha obra poética que significou un salto cualitativo para a literatura galega e, consideradas no panorama literario español, son un claro antece-

dente da novela realista da Restauración como novelas filosóficas, sociais, tentativas logradas dun realismo específico.

Desde as primeiras novelas románticas, evoluciona cara ao realismo e aos posicionamentos filosóficos de claro contido social. Francisco Rodríguez clasifícaas en dous grupos:

a) Novela cunha experiencia máis claramente autobiográfica, nas que parecen reflectirse confesións da autora: *La hija del mar* (1859), *Flavio* (1861) e *El primer loco* (1881).

b) Novelas que parten dunha experiencia máis claramente ideolóxica: *Ruinas* (1866) e *El Caballero de las Botas Azules* (1867), que conteñen interpretacións históricas, unha condena de desexos sobre o pasado e o futuro.

La hija del mar –do mesmo xeito que a primeira obra poética de Rosalía, La flor-, revela unha visión romántica do mundo, pero cun cambio significativo: a resignación deixou paso á rebelión agresiva. A principal preocupación da autora era o problema da muller na sociedade.

Nas dúas protagonistas femininas, Esperanza –representación do idealismo e a inocencia, que termina no suicidio–, e Teresa –rebelde e loitadora–, Rosalía mostra o interese pola muller, como xa fixera no seu artigo *Lieders*, en 1858. A parte máis conmovedora é a autobiográfica, onde se fai referencia á separación da nai e filla, debido á corrupción da hipócrita sociedade burguesa. O punto de vista narrativo é subxectivo, con omnisciencia que domina o relato, de maneira que os apóstrofos e comentarios son fundamentais.

Flavio tamén é unha novela romántica, en opinión de C. Calero, pero xa non é folletinesca –como *La hija del mar*–, senón de estudo psicolóxico. Marina Mayoral indica que se producen avances narrativos cara á obxectividade, con menos comentarios directos da narradora. A técnica novelística do romantismo puro non constitúe unha preocupación para a narradora que se centra na creación dos personaxes animados por unha intensa vida sentimental. Flavio e Mara son figuras dunha gran forza poética e sosteñen unha dramática loita que pode simbolizar a radical incomprensión do home e a muller que, amándose, non conseguen un plano de concordia.

Rosalía de Castro tivo influencias de autores realistas da época como Mariano José de Larra

© 2009 Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes-Universidad de Alicante (Imagen digital del Retrato de Mariano José de Larra de la obra Obras Completas. Editorial Montaner y Simón, 1886. Barcelona. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, www.cervantesvirtual.com)

Ruinas, subtitulada «Desdichas de tres vidas ejemplares», non é propiamente unha novela. C. Calero cualifícaa como un cadro de costumes que, pola súa tendencia realista, pódese relacionar cos traballos de Larra, Mesonero Romanos ou Fernán Caballero. Trátase dunha obra que substitúe a fantasía creadora pola observación cotiá da realidade. Dramatiza, mediante personaxes-tipo, a decadencia da aristocracia galega fronte ao ascenso da nova burguesía.

Nese mesmo ano, 1866, publicou unha interesante peza costumista: El Cadiceño. Trata da nova figura galega do emigrante fachendoso que volve enriquecido á súa terra, esquecendo a súa verdadeira identidade, a súa lingua materna.

Tamén neste ano, publícase «Las Literatas», un artigo que reflicte a actitude crítica de Rosalía coa sociedade machista do século XIX, que relegaba á muller, especialmente á escritora.

A culminación desa fase prosística dos sesenta prodúcese con *El Caballero de las Botas Azules* (1867), considerada xeralmente como a súa mellor novela. C. Calero encádraa dentro da literatura humorística e, ao mesmo tempo,

A novela El Cabellero de las Botas Azules está ambientada en Madrid. Na foto, a Praza Maior da capital

romántica e antirromántica, realista e fantástica. Ofrece o testemuño dunha intelixencia moi madura e dun espírito orixinal que sabe condensar realismo e idealismo.

Está precedida por un prólogo en forma de diálogo entre un home e unha musa que pensa na necesidade dunha rexeneración da literatura. Percíbese unha sátira contra as novelas por entregas que eran, na época romántica, o que na época de Cervantes, a novela de cabalerías.

A novela está ambientada en Madrid e contén unha crítica á aristocracia madrileña e á nova

estrutura capitalista. Trátase dunha curiosa mestura de realismo, fantasía e descrición costumista.

A trama é practicamente inexistente: un estraño e máxico cabaleiro aparece na cidade coa intención de alterar as vidas sen problemas dos ricos e de cambiar o seu modo de pensar. O cabaleiro encarna a un determinado código moral de conduta: representa o que todos os homes deberían ser. Entra en contacto coa degenerada sociedade dos anos 60 e vai espertando a conciencia moral dos seres humanos e póndoa no camiño dunha conduta exemplar.

Os temas básicos son: o papel e a responsabilidade social do home; a necesidade dun reforma social e dun compromiso moral de todos; o papel da muller, do matrimonio, da arte na sociedade -en especial, a literatura-; etc. Un dos obxectivos na novela era describir e censurar o decadente mundo da

literatura española de mediados de século. Posiblemente a parte máis lograda da novela, á vez que realista, segundo Davies, sexa a que Rosalía centra nas clases proletarias e medias.

Ata 1881 non publica Rosalía a que será a súa última novela: O primeiro tolo. Nela, a pesar do auxe do realismo e do naturalismo, Rosalía volve a un ambiente e argumento románticos. O fracaso amoroso do idealista Luís, que se volve tolo ao ser rexeitado por Becenice, e o amor imposible de Esmeralda que morre de amor por Luís, o misterio e a exaltación, remóntannos aos temas favoritos de Rosalía cando era nova.

A historia a conta o protagonista con escasas intervencións da autora, e retrospectivamente ao seu amigo Pedro. Trátase dunha fantasía na que o soño e a vixilia, o sobrenatural e o natural,a tolemia e a cordura, o ideal e o real únense inseparablemente.

Francisco Rodríguez opina que non todo é un retroceso na novela. Por unha banda, contén elementos históricos e, por outra banda, simboliza o individual de Rosalía. Neste momento, a autora abandonará a loita, pero non a súa conciencia social, como mostra na súa poesía.